

ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE DE 28 DE XULLO DE 2015

ASISTENTES:

Estévez Abeleira, Teresa

Fernández Docampo, Belén

Guerrero Gesteira, Isabel

Diéguez Rodríguez, José Miguel

Allegue Agüete, Pilar

Domínguez Rubira, Carmen

Rodríguez Damián, Amparo

Ramil Vázquez, Paula

Fernández Acevedo, Rafael

Aneiros Pereira, Jaime

Torres Pérez, Francisco José

Pita Grandal, Ana María

Sendo as 11:40 horas do día da convocatoria, e existindo o quorum preceptivo, iniciáse a sesión segundo a orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Aprobación por asentimiento del acta

2. **Informes**

A Sra. Decana informa sobre as obras que se están realizando na Facultade (entrada, cortinas interiores e o retraso nas obras da cafetería)

Excusan ausencias Mar Rodríguez Domínguez e Elena Salgado André

Informa o Prof. Fernández Acevedo da reunión no Consello Xeral de Graduados Sociais.

Sinala que se admitirá que os Graduados en Relacións Laborais poidan exercer o turno de oficio e accederé ao Tribunal Supremo que, polo tanto, se prevé a realización dun mestrado de acceso á profesión.

3. Aprobación, se procede, da rectificación de erros nos calendarios de exame do grao en Dereito e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para curso académico 2015/2016.

A Decana comeza espoñendo o nivel de dificultade que supón a elaboración dos horarios e do calendario de exames debido á coincidencia de planes vellos e novos, de titulacións e de horarios de profesores.

O Prof. Fernández Acevedo sinala que o erro producido se debe á utilización do calendario do curso actual e non do próximo curso. Polo que se refire aos horarios, a primeira cuestión se refire á asignatura Dirección Estratéxica

En principios de economía se solapaban dez minutos de clase durante as primeiras catro clases e, polo tanto, é preciso anticipar o inicio das clases dez minutos na primeira franxa horaria.

O Prof. Aneiros indica que as modificacións se refiren á clarificación dos exames de primeiro e segundo curso do plan vello e do plan novo. Tamén procede modificar a data de exame da asignatura Introducción ao Dereito Civil por coincidencia de datas. A data da segunda convocatoria de exame pasa ao 24 de xuño de 2016.

No que se refire aos horarios, en terceiro curso do grao de Dereito afecta ás clases prácticas dos mércores no primeiro cuatrimestre. Os grupos A e C de Dereito Civil e os grupos B e D de Dereito Administrativo que pasan a ter as seguintes franxas horarias: 12:15-13:30 a 14:45.

4. Rolda aberta de intervencións.

Miguel Diéguez reitera a reivindicación das taquillas para os alumnos da Facultade e presenta unha proposta. A Decana expón as dificultades de ubicación e de xestión do sistema e propón que se localicen na sé da Delegación de alumnos. O alumno sinala que noutros centros se reducen os problemas de xestión mediante a prestación dun depósito a modo de aval. O Vicedecano de Asuntos Económicos expón as dúbidas sobre este fondo.